



PLAN DIGITAL

IES Urbano Lugo

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

ENDEREZO	TELÉFONO	FAX
Avda. Arteixo nº 128 15007 A Coruña	881 960 715	881 960 724
CÓDIGO DE CENTRO	CORREO ELECTRÓNICO	
15005269	les.urbano.lugris@edu.xunta.es	
PÁXINA WEB	TWITTER	
www.edu.xunta.gal/centros/iesurbanolugris/	@IESUrbanoLugris	
ESO (Profesores/Alumnos)	BAC (Profesores/Alumnos)	FP (Profesores/Alumnos)
30/170	21/43	41/343

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- O IES Urbano Lugrís está situado nunha das entradas de A Coruña e rodeado polo Polígono Industrial de A Grela e a estación de Ferrocarril. Nos anos oitenta foi un barrio con moitos problemas de drogas e delincuencia e moi pobre tanto a nivel social como económico e cultural. Porén, na actualidade, vai avanzando moito en todos estes aspectos, debido fundamentalmente á construción de novas vivendas, rehabilitación das existentes e á atención que vai poñendo o concello no seu desenvolvemento (urbanización e servizos). A maior parte da poboación desta zona da cidade é obreira e nos últimos tempos achegouse moito inmigrante, de feito é o barrio de máis poboación inmigrante da cidade (principalmente nacionalidades suramericanas). Nalgúns cursos da ESO esta porcentaxe chega ata o 30%. A súa incidencia na educación pos obrigatoria (aínda que crecente nos últimos anos) é menos significativa, dada a especificidade dalgúns ciclos que se ofertan, solicitados por alumnos do resto da cidade e incluso doutros lugares da Comunidade Autónoma. A resultas de todo isto, a integración na realidade académica e tecnolóxica do alumnado de ensinanza obrigatoria é bastante complicada tanto por parte dos rapaces/zas como das súas familias.*
- Os propósitos do PD están intrinsecamente relacionados con outras iniciativas do PE do centro, como o Contrato Programa Inclúe-T (especialmente no referente ás barreiras de procedencia comentadas anteriormente), a implantación do Edixgal (este ano en 1º e 2º da ESO e previsto para o próximo en 3º e 4º) ou o PFPP de Internacionalización do centro.*

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Unha vez que dirección constituíu o EDPD (10 membros), organizouse o traballo combinando sesións individuais con sesións de docencia así como reunións grupais, segundo a seguinte temporalización:

15/11/2021(grupal): Presentación do EDPD (jvsuarez@edu.xunta.gal, africa.lopez@edu.xunta.gal, jose.manuelsantos@edu.xunta.gal, trasno@edu.xunta.gal, josecarlosab@edu.xunta.gal, francasrod@edu.xunta.gal, jesusoff@edu.xunta.gal, mariajosem@edu.xunta.gal -dinamizadora-, narcisootero@edu.xunta.gal, pitufa@edu.xunta.gal), creación da conta plandixital.ies.urbano.lugris@edu.xunta.gal para SELFIE máis comunicación e curso na AV do instituto para compartir información.

16/11/2021(grupal): Presentación enquisa SELFIE e Lanzamento.

10/12/2021(grupal): Análise resultados SELFIE e información no claustro.

3/1/2022 (individual): Obtención posibles PAs.

1/3/2022 (individual): Test CDD.

11/3/2022 e 18/3/2022 (grupais): Curso emprendemento "Identificación Dixital".

17/3/2022 e 20/4/2022 (grupais): Sesións formativas grupo ADIX.

04/4/2022 e 10/5/2022 (grupais): Análise DAFO I e II.

20/5/2022 (individual): Obxectivos PD.

26/5/2022 (grupal): Elaboración PD.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *A conectividade dixital do centro está constituída por 3 conexións WAN: a da rede corporativa (Abalar/Edu.xunta); a da rede Urbano_Lugrís (por onde discorren tamén os servizos de videovixilancia e alarma do centro) e a da rede dos obradoiros dos Ciclos Formativos. As LANs corporativas e Urbano_Lugrís esténdense mediante tecnoloxía wifi nos distintos andares do recinto cos respectivos puntos de acceso (2 por piso na zona de ESO/BAC/FPB).*
- *Equipamento dispoñible:*

Todas as aulas dixitalizadas con ordenador para docente, pizarra dixital e canón retroproxector.

Implantación proxecto E-Dixgal 1º e 2º da ESO.

7 Equipos de xestión (ED, coordinación FCT, TICs) e 2 de administración.

E-LBE.2 (PLAMBE), plataforma de lectura e préstamo de contidos dixitais.

5 PCs sobremesa nas sala de profesorado.

PCs departamentos.

2 aulas de informática: A106(ESO) e A204(FP) con 12 e 20 equipos respectivamente.

Aulas TIC (18 PCs) e A110_FPB informática(18 Pcs).
- *Servizos dixitais educativos facilitadores da xestión docente:*

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesurbanolugris/>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesurbanolugris/aulavirtual/>

<https://www.edu.xunta.gal/abalar/>

Sección “Dir” na AV coa información da xestión/dirección do centro.

Calendario Google do Instituto.

Blog e redes sociais (Twitter, Facebook, e Instagram) do IES.
- *Xestión do mantemento do equipamento do centro: GALITELCO.*

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas		
		ESO	Bacharelato	FP
A -Liderado	Equipo Directivo	3,2	3,7	3,1
	Profesorado	3,8	3,8	3
	Alumnado	-	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	2,9	3,2	3,7
	Profesorado	3,4	3,3	2,9
	Alumnado	2,8	2,2	2,7
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	4,2	4,4	4
	Profesorado	4	3,9	3,5
	Alumnado	3,4	3	3,5
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	3,8	4,2	3,9
	Profesorado	3,6	3,8	3,5
	Alumnado	-	-	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3,5	3,9	4,1
	Profesorado	4,1	4,2	4
	Alumnado	3,7	3,8	3,9
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	2,9	3,7	3,7
	Profesorado	3,8	3,6	3,5
	Alumnado	3,1	2,9	3,3
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	2,7	3	3,3
	Profesorado	3,5	3,1	3,1
	Alumnado	2,6	2,5	2,9
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3,2	3,7	3,6
	Profesorado	3,3	3,1	3,4
	Alumnado	3,1	2,9	3,1

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	31	44	70,5%
PROVISIONAL	9	10	90%
INTERINO	10	16	62,5%
SUBSTITUTO	3	6	50%
DESPRAZADO	0	2	0%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
70	B1 (Integrador/a)	76,4	B1 (Integrador/a)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	64,5	A2 (Explorador/a)	79,2	B1 (Integrador/a)
BAC	69,9	B1 (Integrador/a)	77,9	B1 (Integrador/a)
F.P	73,1	B1 (Integrador/a)	80,3	B1 (Integrador/a)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	4	7,5%
A2	20	37,7%
B1	21	39,6%
B2	6	11,3%
C1	2	3,8%
C2	0	0
TOTAL	53	99,90%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e a análise dos membros do EDPD, o centro xerou unha análise DAFO (na táboa inferior) que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		<p>C14-Na etapa ESO insuficiencia do espacio escolar.</p> <p>C2- Insuficientes dispositivos dixitais para o ensino. FPB Infofi /AULA INFORMÁTICA/T15 y 16.</p> <p>C1- Necesidade de actualización de equipos FPB electricidade y proyector TALLER 9.</p>
	PERSOAL DOCENTE	E4-Docentes de Ciclos de Telecomunicacións e Informática para tratar a D3 (baixo intercambio de experiencias dixitais e asesoramente interno)	<p>G3/G6- Baixo uso da tecnoloxía para prácticas de avaliación que faciliten retroalimentación, así como a avaliación iguais.</p> <p>D3- Baixo intercambio de experiencias dixitais entre profesionais e falta de asesoramento interno.</p> <p>B2- Debate uso das TIC.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		<p>H4- O alumnado de ESO/BAC escasamente aprende a comprobar a fiabilidade e calidade da información atopada en Internet.</p> <p>H6-ou dar crédito do traballo atopado doutros.</p>
	FAMILIAS		
	OFERTA		A2 -Diferenza entre as distintas etapas do uso/ aproveitamento/visión metodolóxica das TIC.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	C16-Implantación de EDIXGAL en progreso (1º ESO 2021/22).	A4 - Tempo insuficiente para explorar novas modalidades de ensinanza no eido dixital.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>C16-Licenzas Office 365.</p> <p>C16- Instauración dos Espazos Tecnolóxicos Aplicados na FP</p>	<p>C15- Sen dixitalización da xestión de horarios/gardas/aulas/salas vencellado tamén ao CDD1.</p> <p>C3-Baixa calidade/fiabilidade da conexión a Internet.</p>
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		C12 -Capacitación das familias cos medios dixitais/redes (control parental). Posibilidade de formación externa/obradoiros pola administración.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	B3 - Participación dos membros do EDPD no curso da AULA de emprendemento "Identificación Dixital".	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Tras a realización da análise DAFO, determináronse as áreas de mellora onde máis prioritario e realista era traballar no próximo ano. Estas foron:

- “O desenvolvemento continuo do profesorado”, vencellado principalmente á área 4 do DigCompEdu (Utilización das tecnoloxías dixitais para unha avaliación formativa -retroalimentación- e sumativa).*
- “A insuficiencia de dispositivos dixitais para o ensino”, en relación tanto á área 6 do DigCompEdu referente á capacitación do alumnado para participar activamente na vida e no traballo na era dixital, así como na área 4 xa mencionada (atendendo á reclamación de tempo e recursos por parte dos docentes).*

Os obxectivos establecidos para estas dúas áreas de mellora son, por unha banda o incremento da porcentaxe dos perfís “Experto/a” e “Integrador/a” do indicador CDD no noso centro e por outra o inventariado anual dos recursos/necesidades dixitais, asegurando unha mínima mellora continua.

Para cada obxectivo cumpríméntase unha táboa que recolle toda esta información. Incluindo os indicadores que reportarán o grado de consecución, os puntos de acción para acadar cada obxectivo, os recursos necesarios e a temporalización acordada. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Ademais das infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos indicados no obxectivo2, atópase a necesidade da dixitalización da xestión de horarios/gardas/aulas na sala de profesores. O dito programa (e HW asociado) redundaría na eficiencia e eficacia das interaccións profesionais entre compañeiros e do uso das instalacións/equipamento do centro.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo (D)						
OBXECTIVO 1: (1)	Incrementar a porcentaxe de docentes nos perfís CDD “Experto/a” e “Integrador/a”. (D2*)				Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	% CDD B2 e % CDD B1.					
Valor de partida: (3)	%B2_CDD=10% e %B1_CDD=40%					
Valor previsto e data: (4)	%B2_CDD=20% e %B1_CDD=55%			30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1:50% do profesorado realizará un dos cursos dispoñibles no FPROFE relativos a CDDs (preferiblemente C3-C6).	50% dos Docentes	30/06/23	Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X
A01.2: Proposta de implantación no CV das 3 etapas educativas dos métodos de “Identificación Dixital” (vistos no curso de emprendemento).	EDPD	30/9/2023	DNI dixital e certificado electrónico.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X
A01.3: Instauración “PUNTO de Titorías Dixitais para PROFES” (asesoramento interno) unha vez á semana.	Docentes familias Inf/Electrónica /Electricidade/c coordinadores TIC	31/01/23	Rede interna/sala profesores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X

(*)Participación no DPC

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipamento (C)						
OBXECTIVO 2: (1)	Inventariar anualmente os recursos/necesidades dixitais asegurando mellora continua(C2*)				Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de actuacións/instalacións executadas.					
Valor de partida: (3)	-					
Valor previsto e data: (4)	20,00%			30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1:Reconversión dixital Sala Profesores: 2 portátiles así como habilitación postos con conectividade para os usuarios que traian o propio equipo.	Equipo Directivo & EDPC	30/06/23	Equipos novos & instalación rede eléctrica/LAN		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X
A01.2: Implantación do Edixgal 3º y 4º ESO	Coordinador TIC	30/06/23	Plataforma		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X
A01.3:Ampliación RAM ordenadores obradoiro FPB2 OFIMÁTICA.	EDPC	30/09/22	Memoria RAM		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X
A01.3: Solicitud de 6 equipos informáticos nas aulas/obradoiros: 40% de MMSCI FPB_Infofi sen aula con ordenadores,T16 sen proxector nin PC profe, T15 sen PC profe.	Equipo directivo	30/06/23	Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X

(*)Dispositivos dixitais para o ensino

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR:** Permitirán **avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase A01.1., a segunda A01.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

O seguimento do desenvolvemento do plan realízase periodicamente cada trimestre, nas xuntanzas do EDPD. Nestas reunións, valórase a evolución e consecución dos puntos de acción propostos para acadar os distintos obxectivos fixados. A dita información (así como as posibles modificacións ou melloras que poidan xurdir) reflíctense nas respectivas actas xeradas, rexistrando datas de cumprimento e responsables ca maior concreción posible.

O grado de consecución final dos obxectivos cualifícase anualmente ao rematar o período definido para o plan dixital. Alén de avaliar estes obxectivos e os seus niveis de logro acadados, recóllense as propostas de mellora, que serán tidas en contar para o vindeiro plan.

5. Difusión do plan

A publicidade e divulgación do plan dixital faise a través dos órganos colexiados de goberno: claustros ordinarios e consello escolar, así como nas ferramentas oficiais de difusión dixital como son a páxina WEB do instituto (sección de documentos do centro) mais a AV (apartado de Dirección).